

| 1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA | |
|--|---|
| CÓDIGO | |
| MATERIA | Prácticas de Escenificación |
| DISCIPLINA | Composición Escénica II |
| TITULACIÓN | Título Superior en Arte Dramática |
| ESPECIALIDADE | Dirección escénica e dramaturxia |
| ITINERARIO | |
| CURSO | 1º |
| CRÉDITOS ECTS | 3 |
| CARÁCTER | Obrigatorio |
| DEPARTAMENTO | Dirección escénica e dramaturxia |
| CENTRO | ESAD de Galicia |
| COORDINADOR/A | Daniel González Salgado |
| DOCENTES | <p>Nome e apelidos: Daniel González Salgado</p> <p>Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titorias</p> <p>Despacho: Departamento de Dirección escénica e dramaturxia</p> <p>Contacto: danisalgado@edu.xunta.gal</p> |
| DESCRIPCIÓN | Práctica da creación espectacular a partires dos principios fundamentais da composición. Interrelación e interdependencia dos elementos significativos da linguaxe escénica e a súa recepción. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS | Non se requiren. |
| LINGUA EN QUE SE IMPARTE | Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input checked="" type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/> |

| 2. COMPETENCIAS | |
|-----------------------------------|---|
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO | |
| T1 | Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. |
| T3 | Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. |
| T6 | Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal. |
| T7 | Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo. |
| T8 | Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos. |
| COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN | |
| X1 | Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento das ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para automotivarse e organizarse nos procesos creativos. |
| X2 | Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo. |
| X3 | Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os |

| | |
|--|--|
| | fins que persegue. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE | |
| ED1 | Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética. |
| ED2 | Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación. |
| ED3 | Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente. |

| 3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA | COMPETENCIAS VINCULADAS |
|---|--------------------------------|
| 1. Realizar exercicios de composición con intérpretes, obxectos e elementos escenográficos. | Todas |
| 2. Empregar estímulos e fontes diversas para a composición. | Todas |
| 3. Planificar, realizar e exhibir unha peza breve. | Todas |
| 4. Reflexionar de forma obxectiva sobre os resultados obtidos co fin de introducir as correccións necesarias. | Todas |

| 4. CONTIDOS | | |
|--|--|----------------|
| TEMAS | SUBTEMAS | SESIÓNS |
| 1. A posta en escena | 1.1 Posta en escena, escenificación e dirección escénica 1.2 Perspectivas sobre a dirección escénica e a súa aprendizaxe | 3 |
| 2. A composición na montaxe | 2.1 Composición e análise no paradigma dramático 2.2 Principios compositivos da escenificación 2.3 Pautas compositivas clásicas 2.4 O movemento escénico 2.4.1 Puntos de vista escénicos de tempo 2.4.2 Puntos de vista escénicos de espazo | 9 |
| 3. O proxecto de escenificación | 3.1 Puntos de partida 3.2 Análise de referentes 3.3 Principios da composición escénica 3.4 Narrativa escénica 3.5 Ensaio 3.6 Planificación da produción 3.7 Avaliación do proceso | 6 |
| 4. Os ensaios | 4.1 A planificación dos ensaios 4.2 Unidades dramáticas e unidades de ensaio 4.3 Accións físicas e interacción 4.4 Imaxes escénicas 4.5 Fases do período de ensaios | 12 |
| 5. A comunicación entre elenco e dirección | 5.1 Condución e análise de ensaios 5.2 Pautas comunicativas elementais nos ensaios | 12 |

| | | |
|---------------------------------------|---|-----------|
| 6. Exhibición e avaliación do proceso | 6.1 Ensaio finais e exhibición 6.2 Avaliación do proceso teatral | 3 |
| TOTAL SESIÓNS | | 45 |

| 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE | | | |
|--|--------------------|------------------------|-------|
| Actividade / Número de horas | Presencial (horas) | Non presencial (horas) | Total |
| Actividades introdutorias | 5 | | 5 |
| Exposición maxistral | 2 | | 2 |
| Exposición práctico-teórica | 3 | | 3 |
| Práctica individual | 5 | 5 | 10 |
| Práctica colectiva | 20 | 10 | 30 |
| Obradoiro | | | |
| Seminarios | | | |
| Actividades complementarias | 5 | 5 | 10 |
| Outros | | | |
| Titorías individuais | 5 | | 5 |
| Titorías de grupo | 5 | | 5 |
| Actividades de avaliación. Probas | | | |
| Actividades de avaliación. Presentacións / mostras | 5 | | 5 |
| Actividades de avaliación. Revisión | | | |
| TOTAL | 70 | 20 | 90 |
| PORCENTAXE | 77,8 % | 22,2 % | |

| 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE | |
|--|--|
| Actividades | Descrición |
| Actividades introdutorias | Repaso de contidos da materia de Composición Escénica I. |
| Exposición práctico-teórica | Explicación dos contidos da materia. |
| Práctica individual | Planificación de proxectos escénicos. |
| Práctica colectiva | Deseño e mostra de exercicios compositivos grupais. |
| Análise de casos | Análise das prácticas realizadas na aula. |

| 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA | |
|---------------------------|---|
| Seguimento | Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo. |
| Orientación | Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo |

| | |
|--|--------------|
| | electrónico. |
|--|--------------|

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

Cada estudante deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|------------------------|-------------|
| Prácticas de composición I: exercicios de composición | Todas | 30 % |
| Caderno de dirección | Todas | 30 % |
| Prácticas de composición II: dirección dunha peza breve | Todas | 40 % |

8.2. Avaliación extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|------------------------|-------------|
| Prácticas de composición I: exercicios de composición | Todas | 30 % |
| Caderno de dirección | Todas | 30 % |
| Prácticas de composición II: dirección dunha peza breve | Todas | 40 % |

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|------------------------|-------------|
| Prácticas de composición I: exercicios de composición | Todas | 30 % |
| Caderno de dirección | Todas | 30 % |
| Prácticas de composición II: dirección dunha peza breve | Todas | 40 % |

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Ceballos, E. (2013). *Principios de dirección escénica*. Escenología.
 McKee, R. (2007). *El guión*. Alba.
 Martínez Paramio, A. (2006). *Cuaderno de dirección teatral*. Ñaque.

Referencias complementarias

- Bogart, A. & Landau, T. (2009). *The viewpoints book*. Theatre Communication Group.
 Hauser, F. & Reich, R. (2003). *Notes on directing*. Walker & Company.
 Unwin, S. (2004). *So you want to be a theatre director?* Nick Hern Books.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia suporá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Xa que **a lingua na que se desenvolverán maioritariamente todas as actividades da materia será a lingua galega**, o alumnado con dificultades na mesma poderá recorrer ás titorías, para que o docente lle indique as pautas que pode seguir para ter un axeitado aproveitamento do curso.

Para a **asistencia a titorías débese falar previamente co profesorado, co fin de pactar o día e a hora do encontro.** Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición por correo electrónico. Será respondida tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría. A titoría poderá realizarse en modo presencial (na aula que a xefatura de estudos indique) ou en modo telemático no enderezo: <https://falemos.edu.xunta.gal/danisalgado>

O alumnado que se presente aos **exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria** deberá **contactar previamente co docente** que imparte a materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente.

Manteranse medidas de prevención da Covid-19 en todos os espazos de traballo, como a hixiene das mans e a ventilación regular dos espazos pechados. Así mesmo activaranse os protocolos que especifique a Administración educativa no caso de ser necesario.

IMPORTANTE: Para a superación da materia, o alumnado deberá ter aprobadas todas e cada unha das ferramentas de avaliación arriba indicadas.

Para máis información respecto ao calendario do curso, datas de exames ou horarios de clase:

<https://esadgalicia.com/curso-escolar/>